

Acta da reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Día: 13 de decembro de 2019

HORA: 10:00-10:40 h

LUGAR: Sala de Xuntas X 3.2 da ETSE (Santiago)

Asistentes: Cristina Cambeses Franco, Julia González Álvarez, Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Ana M. Soto Campos.

Disculparon a súa ausencia: Gumersindo Feijoo Costa, Isaac Ferradás Villanueva, M. Teresa Moreira Vilar

1. Informes.

05/12/2019: Reunión anual de coordinación 2019-20. Asistentes: 7. Presentouse a memoria de centro 2017-18, o estado das accións de mellora desenvolvidas no curso 2018-19 e propuxéronse as accións de mellora para o curso 2019-20.

05/12/2019: Aprobación do convenio de dobre título USC-PUCV polo Consello de Goberno da USC.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 15 de novembro de 2019.

Apróbbase.

3. Convocatoria prazas Máster 2º semestre Curso 2019-20.

A Comisión aproba a oferta das prazas vacantes do Máster para a matrícula do segundo semestre. De eas tres reservaranse para alumnos da PUCV que están en proceso de solicitar a admisión no Máster.

4. Finalización da acción de mellora AM-MEQB-7 do curso 2018-19.

A acción de mellora "AM- MEQB-7: Elaboración dun procedemento para avaliar os resultados da aprendizaxe incluíndo unha rúbrica para a avaliación do Traballo fin de Máster" incluía a preparación dunha rúbrica para a avaliación do traballo fin de Máster que xa foi aprobada pola Comisión Académica e comenza a aplicarse neste curso e un informe de indicadores para avaliar os resultados da aprendizaxe do Máster. No Anexo I preséntase o informe coa selección dos indicadores que é aprobado pola Comisión Académica co que se pecha a acción de mellora.

5. Proposta de accións de mellora Curso 2019-20.

Na reunión anual de coordinación 2019-20 propuxéronse as seguintes accións de mellora para desenvolver durante este curso, das que tres son continuación doutras desenvolvidas o curso anterior pero que non foron executadas:

AM-MEQB-1 Elaboración dun poster de difusión do Máster para a Aula de 4ºGrEQ.

AM-MEQB-2 Proposta dunha actividade relativa á transferencia de tecnoloxía e patentes para cubrir a competencia CG-14.

AM-MEQB-3 Recoñecemento da actividade da Aula Profesional "Proxecto básico de Enxeñaría Química" asociada á materia "Dirección de proxectos de enxeñaría" como créditos optativos do Grao en Enxeñaría Química.

AM-MEQB-4 Adaptación da materia Enerxética industrial ao novo marco enerxético europeo.

AM-MEQB-5 Rediseño da web institucional da ETSE e revisión e actualización dos contidos do Máster. É continuación da AM-MEQB-6 da axenda 2018-19.

AM-MEQB-6 Obter información de seguimento dos egresados por parte da ACSUG. É continuación da AM-MEQB-8 da axenda 2018-19.

AM-MEQB-7 Mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interés. É continuación da AM-MEQB-9 da axenda 2018-19.

A Comisión Académica aproba as accións de mellora propostas.

6. Informes para a solicitude de recoñecemento do complemento por méritos docentes.

Á vista dos informe presentados polos profesores solicitantes e os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida acordouse emitir os seguintes informes dacordo coa normativa da ETSE ao respecto:

*ERR: Moi favorable

*HRM: Moi favorable

7. Convocatoria mención de excelencia a titulacións oficiais de Máster do SUG.

O 25 de novembro publicouse no DOG a ORDE do 12 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster, impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2019/20.

A mención de excelencia concederáse a un máximo de seis titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do SUG. Ademais, na dita convocatoria indícase que cada unha das universidades do SUG poderá presentar como máximo 5 solicitudes correspondentes a másteres tanto impartidos en exclusiva, como titulacións conxuntas que coordine, en cuxo caso a solicitude contará como presentada por cada unha das universidades do SUG que participen.

Os requisitos que deberán cumprir os másteres que se postulen son os seguintes:

- Ser títulos de máster universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que contén coa autorización de impartición da comunidade autónoma.
- Que veñan sendo impartidos por algunha das universidades do SUG de xeito ininterrompido, como mínimo, desde o curso 2016/17 e que continúen impartíndose na actualidade.

Co obxectivo de facer unha proposta desde a USC, na reunión da Comisión de Titulacións celebrada o día 27 de novembro acordouse enviar desde a Vicerreitoría de Titulacións a convocatoria a todos os centros e ás comisións académicas de másteres que veñan impartíndose como mínimo desde o curso 2016/17, con memoria actualizada seguindo os requirimentos dos informes de renovación da acreditación, así como un calendario do proceso que se levará a cabo na propia Universidade. Inicialmente o prazo de presentación para as Universidades remataba o 26 de decembro de 2019 pero concedeuse unha ampliación ata o 15 de febreiro de 2020.

A Comisión Académica do Máster acorda participar na convocatoria.

8. Asuntos de trámite.

Non houbo asuntos que tratar.

9. Quenda aberta.

Non houbo asuntos que tratar.

Julia González Álvarez
Coordinadora do Máster

ANEXO I

Máster en Ingeniería Química y Bioprocesos

Protocolo para evaluar los resultados del aprendizaje

Se propone un análisis en tres etapas que incluyen:

1) Análisis de la evolución de los siguientes indicadores de calidad de la USC:

Tasas estudiantes:

- IN34M-S01-PM-01-Tasa de rendimiento.
- IN35M-S01-PM-01-Tasa de éxito.
- IN36M-S01-PM-01-Tasa de evaluación.

Tasas egresados:

- IN50M-S01-PM-01-Tasa de éxito de los egresados.
- IN42M-S01-PM-01-Grado de satisfacción general de los egresados con la titulación.

Prácticas en empresa

- IN20M-PC-09-Satisfacción de los tutores externos con los programas de prácticas externas.

2) Análisis de cuestionarios de la USC

2.1. Análisis de las preguntas relativas a las competencias en la “Encuesta de Satisfacción de los egresados/as (MÁSTER)” (INF.09):

Valora el grado en que la titulación contribuyó la que habías adquirido o habías potenciado los siguientes aspectos de tu formación:

- Capacidad para el aprendizaje autónomo
- Pensamiento crítico
- Capacidad de comunicación oral/escritura
- Capacidad de trabajo en equipo
- Capacidad de análisis
- Capacidad de transmitir información, ideas, problemas y soluciones dentro de mi ámbito de estudio
- Capacidad para aplicar los conocimientos adquiridos y resolver problemas de una manera creativa u original dentro de mi ámbito de estudio

2.2. Análisis de las preguntas relativas a las competencias en la “Encuesta de satisfacción de los/as tutores/as externos/as con los programas de prácticas externas” (INF.07):

- Valore la formación inicial de conocimientos teórico-prácticos del alumnado para cumplir con las actividades que le fueron asignadas.
- Valore la formación inicial de competencias profesionales del alumnado para cumplir con las actividades que le fueron asignadas.

3) Análisis de cuestionarios ETSE

3.1. Valoración interna (ETSE) de los tutores externos de prácticas en empresa

a. Calificación del tutor externo

b. Preguntas del cuestionario relacionadas con las competencias

CUESTIONARIO		VALORACIÓN			
SOBRE LA ACTIVIDAD DESARROLLADA POR EL ESTUDIANTE		Escaso	Medio	Bueno	Muy Bueno
Valore la dedicación del estudiante según el tipo de actividad:	Iniciativa personal:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Trabajo dirigido:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Evalúe la formación inicial del estudiante para cumplir con las actividades que le fueron asignadas en la empresa:	Conocimientos técnicos:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Habilidades personales:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grado de integración del estudiante en la empresa desde el punto de vista...	Técnico:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Humano:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Evalúe la consecución de objetivos en el trabajo realizado por el estudiante:		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Indique el tiempo que se empleó en la tutorización del estudiante (en horas/semana):					
Dedicación del estudiante a trabajo individual (en %): y a trabajo en equipo (en %):					
SOBRE EL PROGRAMA DE PRÁCTICAS EN EMPRESA		Escaso	Medio	Bueno	Muy Bueno
Indique el grado de satisfacción con la Gestión de Prácticas en Empresa: (en el caso de prácticas gestionadas directamente por la ETSE)		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Indique el grado de satisfacción general con esta práctica en empresa:		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
¿Qué aspectos valora más de las Prácticas en Empresa?	Preparar un futuro técnico para su empresa:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Colaborar en la formación del estudiante:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	La actividad realizada por el estudiante:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
¿Contrataría al estudiante?		<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	No
¿Volvería a tener un estudiante en prácticas?		<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	No

3.2. Encuesta de adquisición de competencias (básicas, generales, transversales y específicas) por parte de los egresados del Máster a egresados, profesores y empleadores.